



ESPECIAL NÚMERO 3, ABRIL/OUTUBRO 2014

<http://cenporcenmaleducadas.blogspot.com.es/>

UN TEXTO DE LUÍSA

EMIGRAR EN TERRA PROPIA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos* emigrantes saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un símbolo do que estou dicendo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cántanme dunha muller, amiga da nai dun aluno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: "Que non faga o tonto". E total p'ra que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!" Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. (...)

Luísa Villalta. *Libro das columnas. A Nosa Terra. 2005*

UN LIBRO PARA LUÍSA

VIRGINIA WOOLF. Un cuarto de seu



Un cuarto de seu (1929) é un ensaio baseado nunha serie de conferencias que a autora impartira en dúas escolas para mulleres da Universidade de Cambridge; no ensaio formúlase un argumento que defende a necesidade de que as escritoras deben contar con cartos e un espazo propio como requisito para que poidan desenvolver con liberdade o seu oficio.

lembramos a luísa

Neste mes de setembro lembramos a Luísa Villalta, a profesora, a violinista, a poeta, a amiga.

Cando volvo a vista atrás, dez anos despois, véñenme as imaxes do que debeu ser un dos últimos momentos que compartín con ela, a Cea das Letras do ano 2003. E hai unha fotografía que testemuña aquel encontro de escritoras e escritores, e no centro dela, azul índigo, Luísa.

Lembro a súa voz, nunca alterada, apaixonada nos argumentos en prol do autor ou do libro que ela coidaba merecente de premio, calma para reconducir un debate inesperado.

Mais, para min, Luísa é sobre todo a palabra en que me abrigo cando falo de nós, galegas ante páxinas en branco a golpes contra o teito. Mulleres que construímos un cuarto de noso e gardamos lonxe costureiros, fíos e agullas, para ocupar un escritorio sempre cativo para todas as palabras que precisamos erguer. Escritoras que non temos medo de pronunciar o nome da terra que cobre o corpo de Alexandre Bóveda.

Ela que quería unha lectora forte contra as agresións, ela que reclamaba unha transformación dos espazos en que o amigo nos acompañase, ela que desde o poema proclamaba:

*Pergunto outra vez, a cada un que pasa,
se de verdade son unha muller, o que é iso,
se me enganaron sempre ou teño algún camiño.*

Deixounos un legado inesquecível.

Marta Dacosta Alonso, poeta

1 de outubro de 2014



camiño

O DICCIONARIO

substantivo masculino

1. Espazo trazado e disposto para poder ir dun lugar a outro
2. Lugar ou lugares polos que se pasa ao ir dun punto a outro
3. [figurado] Medio ou maneira de facer unha cousa para conseguir ou obter algo

*“emprendes o camiño e véste
arrastrando certa culpabilidade nos pés”*

Raquel Pazos Garrido



[Definición tomada do dicionario *online* da Real Academia Galega]